

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS

OEP 2018 - ACTA Nº 2

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marisa Magaz Ledo (CCOO, Presidenta)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

José Estévez Vázquez (CCOO)

XUNTA PAS

Escusada ausencia da Xunta PAS

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral e Xunta de Persoal, mantiveron unha reunión ás 11:00h, do 23 de novembro de 2018 na Sala II do Edificio Miralles, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Oferta de Pública de Emprego 2018.

Apróbase a acta nº1 aceptando as alegacións de Luis Pérez (Presidente do Comité de Empresa de Ourense) e asínase polos presidentes dos órganos sindicais e pola Xerenta.

A Xerenta comeza lendo a proposta da xerencia que se acompaña, e aclara que hai un erro dado que as prazas que computarían na taxa de reposición serían 7 e non están afectadas polos



procesos de estabilización. Aclara ademais que segundo a lei de orzamentos non entrarían na taxa de reposición a taxa de procesos de promoción interna e as correspondentes a persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

O Presidente do Comité de Empresa de Ourense (CEO) cre que se teñen que establecer criterios á hora de afrontar esta Oferta Pública de Emprego. Considera que o escenario entre a primeira proposta e a segunda é moi diferente.

A Xerenta cre que se debe marcar unha liña para sacar as prazas de estabilización. Pódese contar con 7 prazas que non entrarían nin en promoción interna nin en taxa de reposición. Engade que as prazas de estabilización se poderían convocar por promoción interna acumulada con libre, en vez de un proceso independente de promoción interna. As 14 prazas propostas non teñen que ir obrigatoriamente a promoción interna. O convenio obriga a un mínimo do 50%.

A presidenta do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) pregunta polas prazas de Microscopía.

O presidente do CEO di que hai tres vacantes, unha por estabilización e dúas por reposición, pero cre que se deberían sacar só dúas porque se Benito reingresa ten que ter a posibilidades de poder facelo. Se se sacan as tres, cando reingrese tería que facelo creándolle unha praza por riba da RPT.

A Xerenta di que en Microscopía Electrónica unha praza computaría na taxa de reposición e a outra en Estabilización. Resumindo a proposta quedarían 14 prazas para estabilización e do resto queda pendente decidir que cantas prazas irían a promoción interna e cantas a libre. Sen esquecer que do total de prazas ofertadas hai que reservar dúas prazas para discapacidade, determinando en que categorías sería máis axeitado incluílas. Remata dicindo que para a semana seguinte se enviará outra proposta para posteriormente enviala á Xunta de Galicia para a súa aprobación.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión as 12:00h

